# PROTOCOLO DE CONCESIÓN DAS APORTACIÓNS PARA A INDEPENDENCIA

# Índice

1. Xustificación do protocolo
2. Obxectivo xeral do protocolo
3. Beneficiarios e beneficiarias do protocolo
4. Desenvolvemento do protocolo
5. Axudas de desinstitucionalización
6. Tipoloxía de axudas
7. Vixencia
8. Cadro resumo da tipoloxía de axudas
9. Anexos
    - MODELO A2: SOLICITUDE DE AXUDA
    - MODELO B: XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN DA AXUDA
    - MODELO INFORME TÉCNICO
    - MODELO SEGUIMENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DAS AXUDAS

## XUSTIFICACIÓN DO PROTOCOLO

IGAXES é unha entidade sen ánimo de lucro que existe para que ningunha moza ou mozo teña que renunciar ao seu futuro por razón de pobreza ou exclusión social.

O programa Mentor é un programa integral que está destinado ás mozas e mozos que se atopan na fase de saída do proceso de protección de menores iniciado pola Administración pública, e conta con recursos residenciais de autonomía e independencia.

Dende este programa estase a traballar para apoiar ás mozas e mozos no seu proceso de paso á vida adulta. Neste senso a complexidade dos procesos necesarios para poder desenvolver unha vida independente, así como a situación persoal de moitos destas mozas e mozos leva a que as persoas participantes no Programa Mentor precisen dun importante apoio tanto técnico como económico.

En sintonía cos valores de IGAXES e do PROGRAMA MENTOR, non se traballa soamente a inserción laboral das e dos menores acollidos no programa, senón que enmarcamos o traballo dende a formulación, para nós básica, de **axuda á promoción humana** e **desenvolvemento integral da dignidade humana** de todas as persoas que se atopan en situación de precariedade, apoiándose no respecto debido á persoa e na forza da súa propia experiencia.

Traballamos buscando o **equilibrio entre a axuda e o empoderamento**, actuacións dicotómicas nas que día a día nos movemos na procura dun obxectivo final, a autorrealización das persoas participantes do programa.

Establecemos dúas vías de traballo segundo a intensidade deste:

- **Traballo en inserción sociolaboral**, no que se procura unha intervención máis orientada a gañar habilidades e procurar estratexias orientadas á súa independencia de cara á busca de emprego e a mellora da súa capacidade de empregabilidade.
- **Apoio ao empoderamento**, no que se traballa para a adquisición de habilidades básicas para a vida independente e o desenvolvemento do seu proxecto vital.

Traballamos mediante a realización consensuada ca moza ou mozo dun **Proxecto individualizado de Inserción Laboral (PIL)** que o dote de estratexias e ferramentas de capacitación para a inserción laboral: formación en habilidades básicas (competencias necesarias para iniciar o seu proceso), formación (procurando que sexa innovadora tanto no seu contido como na forma de impartila) e itinerarios de inserción.

Así mesmo, non podemos esquecer outra serie de dificultades ou atrancos que ás mozas e mozos atopan no proceso de emancipación e autonomía: precariedade no emprego, baixos salarios, dificultades para alugar unha vivenda, problemas de transporte, ausencia dunha rede social de apoio, etc; que se poden transformar nunha traba que impida a evolución positiva dun proceso de emancipación/ empoderamento.

Un elemento esencial dentro do Programa Mentor son as **vivendas,** diferenciados en vivendas tuteladas e asistidas. Estes configúranse como espazos de convivencia, liberdade, tolerancia e crecemento persoal, nun ambiente de apoio integral co obxectivo de alentar procesos de empoderamento na mocidade que participa mediante a aplicación dunha serie de ferramentas e coñecementos que teñen como meta a incubación social: conseguir que ás mozas e mozos se convertan en **cidadáns e cidadás reais**, é dicir, persoas independentes e autónomas con plenos dereitos sociais, económicos e políticos.

Outro dos elementos a ter en conta é a importancia de iniciar o proceso de emancipación canto antes xa que unha moza ou mozo debe ser consciente de que a estancia nun recurso (centro, vivenda, etc.) é limitada no tempo e por iso debe deseñarse e abordarse un traballo específico, canto antes, para poder alcanzar á súa emancipación con garantías antes de cumprir os 18 anos. Abordar o traballo antes reduce os medos e permite traballar as dificultades ou os problemas aportando maiores garantías ao proceso de independencia.

En base ao anteriormente exposto, enténdese a necesidade de desenvolver un ***PROTOCOLO DE AXUDAS ,*** que apoie os procesos básicos de traballo do programa, entre os que atopamos o acceso ao emprego, o acceso a formación, o acceso a vivenda así como outras axudas extraordinarias.

## OBXECTIVO XERAL DO PROTOCOLO

Apoiar o proceso de emancipación e vida independente das mozas e mozos dados de alta no programa Mentor, a través da concesión de axudas económicas que faciliten o acceso á formación, emprego, vivenda e outras situacións de emerxencia.

## BENEFICIARIAS E BENEFICIARIOS DO PROTOCOLO

Mozas e mozos entre 16 e 21 (en casos excepcionais ata os 25 anos), tutelados, ex tutelados ou en garda, con medidas xudiciais, ou persoas usuarias de outros programas dependentes do órgano xestor e que están dados de alta no programa Mentor.

## DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO

Tal e como se indicou anteriormente as axudas se conceden conforme PROTOCOLO DE AXUDAS previa a una valoración individual personalizada da situación da moza ou mozo tendo en conta o seu proxecto de inserción laboral.

O principio vertebrador do presente PROTOCOLO DE AXUDAS é a **corresponsabilidade** como eixe transversal á concesión de axudas así como a boa xestión do mesmo. Consideramos necesario que as mozas e mozos compartan a necesidade de implicación nos seus proxectos vitais desde todos os aspectos incluído o económico e por outro lado a necesidade de distribuír os recursos de forma eficiente.

O proceso de concesión dunha axuda consta dos seguintes catro pasos que se describen a continuación:

| PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS A AUTONOMIA E INSERCIÓN LABORAL | |
|---|---|
| 1º | VALORACIÓN DO EQUIPO EDUCATIVO / TÉCNICO DE INSERCIÓN LABORAL |
| 2º | SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DA AXUDA POR PARTE DA DIRECCIÓN DA ENTIDADE |
| 3º | XUSTIFICACIÓN DA AXUDA |
| 4º | SEGUIMENTO DA AXUDA |

## 1. VALORACIÓN DO EQUIPO EDUCATIVO / TÉCNICO DE INSERCIÓN LABORAL

A detección e valoración da necesidade do estudo para a concesión dunha axuda a cada participante no Programa Mentor, iniciase:

- ***MOZA OU MOZO RESIDENTE NA VIVENDA:*** a través do equipo educativo da vivenda onde resida a moza ou mozo, e de acordo ao seu proxecto educativo individualizado e de mutuo acordo coa coordinación de vivendas. Unha vez valorada a necesidade comunicáselle ao Técnico de Inserción Laboral correspondente para que proceda a elaboración do informe técnico para a solicitude da axuda.
- ***RESTO DE MOZAS E MOZOS:*** a través do técnico de inserción e conforme ao seu proxecto de inserción. Unha vez valorada a necesidade correspóndelle ao Técnico de Inserción Laboral elaboración do informe técnico para a solicitude da axuda.

  Os documentos necesarios para a fase de VALORACIÓN son(anexos ao presente documento):

  - MODELO A2: SOLICITUDE DE AXUDA
  - MODELO INFORME TÉCNICO

A documentación de solicitude remitirase á coordinación do programa mentor para presentación ante a dirección da entidade

## 2. SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DA AXUDA POR PARTE DA DIRECCIÓN DA ENTIDADE

A Coordinación do programa presentará o Modelo A2 SOLICITUDE DE AXUDA acompañado do Modelo INFORME TÉCNICO para a súa supervisión por parte da dirección da entidade, órgano da entidade encargado de validar a solicitude unha vez analizada a súa adecuación ao PROTOCOLO DE AXUDAS e ao Proxecto de Inserción Laboral da moza ou mozo a ou Proxecto Educativo da moza ou mozo, así como o crédito dispoñible existente. Unha vez aprobada, resolverá trasladar a proposta de axuda ao Equipo Técnico do Menor do que dependa cada moza e mozo, sendo o Técnico de Inserción Laboral o encargado de realizar este traslado.

Os documentos necesarios para a fase de SOLICITUDE son: (anexos ao presente PROTOCOLO)

- MODELO A2 SOLICITUDE DE AXUDA
- MODELO INFORME TÉCNICO

**3. CONFORMIDADE DA AXUDA**

O Equipo Técnico do Menor (ETM) responsable de cada moza ou mozo deberá dar a súa conformidade á axuda proposta a través da sinatura no MODELO A2 SOLICITUD DE AXUDA.

O documento necesario para a fase de CONFORMIDADE é: (anexo ao presente PROTOCOLO)

- MODELO A2 SOLICITUDE DE AXUDA

**4. AUTORIZACIÓN DA AXUDA**

Unha vez que o ETM mostra a súa conformidade co contido da axuda solicitada, correspóndelle ao Xefa/e de Servizo ou no seu caso á persoa designada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a autorización definitiva para rematar o proceso de adxudicación da axuda. Esta autorización realizarase por medio da correspondente sinatura do gasto a executar segundo o recollido no MODELO A2 SOLICITUDE DE AXUDA.

Unha vez asinada pola xefa/e de servizo, recollerase o MODELO A2 por parte do TÉCNICO DE INSERCIÓN e comunicarase á coordinación do programa a aprobación da mesma para facer efectivo o pago ou gasto correspondente.

O documento necesario para a fase de AUTORIZACION é: (anexo ao presente PROTOCOLO)

- MODELO A2 SOLICITUDE DE AXUDA

**5. XUSTIFICACIÓN DA AXUDA**

Este é a etapa final do proceso de adxudicación da axuda. A xustificación da execución da axuda realizarase por medio da emisión do Modelo B de recepción económica da axuda (a realizar por parte do técnica ou técnico de inserción correspondente), documento no cal se xustifica a recepción do importe autorizado por parte da moza ou mozo. Dito documento xustificativo remitirase á sede en canto este asinado pola moza ou mozo correspondente para proceder a súa contabilización.

O documento necesario para a fase de XUSTIFICACIÓN é: (anexo ao presente PROTOCOLO)

- MODELO B XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

### 6. SEGUIMENTO DA AXUDA

Este proceso de seguimento créase para valorar pasados 3 meses, a efectividade ou non das axudas concedidas. Esta supervisión realízase a través da técnica ou técnico de inserción correspondente e remitirase á coordinación para a súa valoración e arquivo no expediente da moza ou mozo.

O documento necesario para a fase de SEGUIMENTO é:

- MODELO DE SEGUIMENTO DA AXUDA

Mensualmente remitirase un listado das axudas concedidas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

## AXUDAS DE DESINSTITUCIONALIZACIÓN

As axudas de Desinstitucionalización están tipificadas como axudas extraordinarias e teñen como obxectivo apoiar ás mozas e mozos no Programa Mentor que precisen un apoio específico tanto para continuación de estudos tanto en ciclos superiores coma universitarios sempre e cando cumpran os requisitos específicos a tal fin.

Estas axudas presenta un procedemento de concesión con algunha diferenza respecto ao procedemento xeral que marcaremos a continuación.

O proceso de concesión desta axuda consta dos seguintes seis pasos. Que se describen a continuación:

| PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA DE DESINSTITUCIONALIZACION | |
|---|---|
| 1º | VALORACIÓN POR PARTE DA XEFATURA DE SERVIZO |
| 2º | SOLICITUDE DA AXUDA |
| 3º | CONFORMIDADE DA AXUDA |
| 4º | AUTORIZACIÓN DA AXUDA |
| 5º | XUSTIFICACIÓN DA AXUDA |
| 6º | SEGUIMENTO DA AXUDA |

## 1. VALORACIÓN POR PARTE DA XEFATURA DE SERVIZO

O procedemento iníciase a través da proposta de solicitude dunha axuda de desistitucionalización por parte dos Departamentos Territoriais á Xefatura de Servizo de Protección de Menores da Xunta de Galicia ou no seu caso a persoa designada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización, quen trasladará a proposta á Dirección da Entidade nos termos precisos para poder valorar esta necesidade.

O persoal técnico de Inserción correspondente manterá unha reunión presencial ca moza ou mozo onde valorará o proxecto de vida da persoa e as súas necesidades, estimando o nivel de gastos necesarios para levar a cabo o seu proxecto individual.

Unha vez realizada esta valoración comunicáselle a dirección da entidade quen se porá en contacto de novo coa Xefatura de Servizo de Protección de Menores para que valide a contía.

Unha vez realizado este trámite retómase o proceso de concesión das axudas a través da solicitude presentada pola técnica ou técnico de inserción, pasos 2° ao 6°.

**As axudas de desinstitucionalización en ningún caso poderán superar o 20% do crédito anual de axudas.**

## TIPOLOXÍA DE AXUDAS

**O PROTOCOLO DE AXUDAS** divídese en catro tipoloxías de axudas:

- **Acceso á formación:** todas as tipoloxías de axudas que faciliten o proceso de inicio ou continuación de estudos, divídense nos seguintes subtipos:
  - FORMACIÓN REGRADA**:** inicio ou continuación de estudos como ESO, Ciclos medios, Superiores; Bacharelato e PCPI ou equivalentes.
    - Axuda para o pago de libros de texto.
    - Axuda para o pago de clases de apoio.
  - FORMACIÓN OCUPACIONAL: acceso a procesos formativos en entidades privadas en casos de non acceso a outra formación.
    - Axuda para o pago de matrícula.
    - Axuda para o pago de cotas mensuais.
  - ELIMINACIÓN DE BARREIRAS Á FORMACIÓN: apoio ao proceso de formación para eliminar posibles obstáculos de acceso a formación.
    - Axudas ao transporte.
    - Axudas á manutención.
    - Axudas de equipamento: uniformes, ferramentas e materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.
    - Axudas de conectividade e acceso a internet.
- **Acceso á vivenda:** axudas proceso de emancipación en vivenda propia ou compartida:

- AXUDAS ALUGUEIRO:
  - Axuda para o pago da fianza
  - Axuda para o pago de alugueiro: apoio no proceso de emancipación en vivenda propia, cuartos compartidos ou pensións.
- AXUDAS DOTACIÓN INICIAL:
  - Axuda para o pago da dotación inicial de vivenda: merca de enxoval, roupa branca, e/ou primeira compra de comida, pago de altas de suministros.

- **Acceso ao emprego:** axudas destinadas a apoiar o proceso de inserción laboral:
  - AXUDA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL: axudas para apoio aos procesos documentais para a emancipación (documentación e taxas de estranxeiría, transporte e manutención para os viaxes aos consulados correspondentes,...).
  - ELIMINACIÓN DE BARREIRAS PARA O EMPREGO: apoio ao proceso de inserción para eliminar posibles obstáculos de acceso ao emprego:
    - Axudas ao transporte.
    - Axudas á manutención.
    - Axudas de equipamento: uniformes, ferramentas e materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.
    - Axudas de conectividade e acceso a internet.
    - Axudas para o carné de conducir.

- **Axudas extraordinarias:** outras axudas non contempladas nos apartados anteriores.
  - AXUDAS DE DESINSTITUCIONALIZACIÓN: teñen como obxectivo apoiar as mozas e mozos no Programa Mentor que precisen un apoio específico para continuación de estudos, tanto en ciclos superiores coma universitarios, sempre e cando cumpran os requisitos específicos a tal fin.
  - AXUDAS PARA GASTOS SANITARIOS: Axudas para gastos oftalmolóxicos, odontolóxicos e psicolóxicos sempre e cando non puideran optar ás axudas da Administración Pública.
  - AXUDAS DE EMERXENCIA: Outras situacións de urxencia non tipificadas anteriormente.

## VIXENCIA

A vixencia do presente PROTOCOLO estará condicionada á duración do concurso público do Programa Mentor que rexe a prestación deste servizo.

<table>
<tr><th colspan="5">CADRO RESUMO DA TIPOLOXÍA DE AXUDAS</th></tr>
<tr><th>TIPOLOXÍA</th><th>SUBTIPO</th><th>CATEGORÍA</th><th>IMPORTE</th><th>CONDICIÓNS PARA ADXUDICACIÓN</th></tr>
<tr><td rowspan="5">ACCESO A FORMACION</td><td rowspan="2">FORMACIÓN REGRADA</td><td>Axuda para o pago de libros de texto</td><td>Ata un máximo de 400€ por curso escolar</td><td rowspan="2">Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda e que estean en algunha destas situacións:<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia.</td></tr>
<tr><td>Axuda para o pago de clases de apoio</td><td>Ata un máximo de 80€ mes por curso escolar</td></tr>
<tr><td rowspan="3">ELIMINACIÓN DE BARREIRAS Á FORMACIÓN</td><td>Axuda para o pago da matrícula e material incluído nesta</td><td>Ata un máximo de 400€ por curso escolar</td><td>Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda e que estean en algunha destas situacións:<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia.</td></tr>
<tr><td>Axuda de transporte</td><td>Ata un máximo de 200 euros/mes por curso de formación</td><td>Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda e que esteen en algunha destas situacións:<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia.</td></tr>
<tr><td>Axuda de</td><td>Ata un máximo</td><td>Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | manutención | de 200 euros/mes por curso de formación | solicitude da axuda e que estean en algunha destas situacións:<br><br>○ Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br><br>○ Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | | Axudas de Conectividade e acceso a internet | Ata 30 euros mensuais | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda e que estean en algunha destas situacións:<br><br>○ Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br><br>○ Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| **ACCESO A VIVENDA** | AXUDAS ALUGUEIRO | Axuda para o pago da fianza | Máximo 2 mensualidades de alugueiro | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitar a axuda cumpra as tres condicións:<br><br>○ Que sexa baixa nunha vivenda do Programa Mentor.<br><br>○ Que dispoña dun emprego.<br><br>○ Que o nivel de ingresos a obter sexa igual ao SMI. |
| | | Axuda para o pago do alugueiro | Pago máx. 350 euros/ mensuais ata un máximo de 3 mensualidades | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitar a axuda cumpra as tres condicións:<br><br>○ Que sexa baixa nun recurso do Programa Mentor<br><br>○ Que dispoña dun emprego<br><br>○ Que o nivel de ingresos a obter sexa igual ao SMI. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | AXUDAS DOTACION INICIAL | Axuda para a dotación inicial da vivenda, | Ata un máximo de 300 euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitar a axuda cumpra as tres condicións:<br><br>o Que sexa baixa nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Que dispoña dun emprego.<br>o Que o nivel de ingresos a obter sexa igual ao SMI. |
| **ACCESO AO EMPREGO** | AXUDA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL | Axudas para apoio aos procesos documentais para a emancipación. | Ata un máximo de 400 Euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda este en algunha destas situacións:<br><br>o Que a documentación sexa imprescindible para o acceso ao emprego.<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | ELIMINACIÓN DE BARREIRAS PARA O ACCESO AO EMPREGO | Axuda de transporte | Ata un máximo de 200 euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda este en algunha destas situacións:<br><br>o Que conte cun emprego.<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | | Axuda de manutención | Ata un máximo de 200 euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda este en algunha destas situacións:<br><br>o Que conte cun emprego. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | | Axuda de equipamentos | Ata un máximo de 250 euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda este en algunha destas situacións:<br><br>o Que conte cun emprego.<br>o Que o equipamento sexa imprescindible para dito emprego.<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | | Axudas de conectividade e acceso a internet | Ata 30 euros mensuais | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda este en algunha destas situacións:<br><br>o Que a axuda sexa imprescindible para o mantemento dun emprego ou condición indispensable para acceder ao mesmo.<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | | Axuda carné de conducir (teórico + práctico) | Ata un máximo de 1.300,00 euros | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor que no momento de solicitude da axuda cumpran as seguintes condicións:<br><br>o Non ter optado as axudas da administración para este |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | mesmo fin. (MR)<br>○ Que o carné sexa imprescindible para o acceso ou mantemento dun emprego.<br>○ Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>○ Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>○ Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia.<br><br>CARNÉ DE MOTO<br>○ Parte teórica (materiais e formación).<br>○ Practicas en pista (ata un máximo de 10).<br>○ Practicas en circuíto (ata un máximo de 8).<br>○ Taxas de exames teórico e práctico.<br><br>CARNÉ TIPO B – COCHE<br>○ Parte teórica (materiais e formación).<br>○ Practicas circulación (ata un máximo de 30).<br>○ Taxas de exames teórico e práctico. |
| **AXUDAS EXTRAORDINARIAS** | AXUDAS DE DESINSTITUCIONALIZACIÓN | Axuda para o pago de custos asociados ao inicio ou mantemento de estudos para ciclo superior ou universitarios (manutención, transporte, material escolar, | Ata un máximo de 400€/mes, curso escolar | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda.<br><br>Cumprimento do protocolo específico de solicitude para este tipoloxía de axudas. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | cartos de peto,..) | | |
| | AXUDAS PARA GASTOS SANITARIOS | Axudas para gastos oftalmolóxicos, odontolóxicos e psicolóxicos | Ata un máximo de 600€ | Mozas e mozos de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda e que estean en algunha destas situacións:<br>o Residencia nunha vivenda do Programa Mentor.<br>o Residir por conta propia cuns ingresos mensuais iguais ao SMI.<br>o Residir en unidade familiar propia ou extensa cun ingresos inferiores a 2 veces o SMI mensual por unidade familiar de convivencia. |
| | AXUDAS DE EMERXENCIA | Outras situacións de urxencia non tipificadas anteriormente. | Ata un máximo de 600 € | Mozas e mozos dados de alta no Programa Mentor no momento de solicitude da axuda.<br>o Valoración particular da excepcionalidade que motiva a axuda.<br>**OBSERVACIÓN:** poderá incrementarse o importe máximo da axuda en función da situación, previa autorización da **Dirección Xeral** de **Familia**, **Infancia e Dinamización Demográfica**. |

## ANEXOS

1. MODELO A2: SOLICITUDE DE AXUDA

**MODELO A2: SOLICITUDE DE AXUDA**

DATOS TECNICO/A/ VIVENDA

APELIDOS: ____________ NOME: ____________

TIPO DE AXUDA

☐ Acceso a Formación ☐ Acceso a Vivenda ☐ Acceso ao Emprego

☐ Axudas Extraordinarias

XUSTIFICACION DA AXUDA

Importe da axuda ____ €uros

Participante/a:

Descrición:

Obxectivo do PIL:

Acción a Realizar:

AUTORIZACION

En ______________, ____ de ________ de 201_

| | | |
|---|---|---|
| En nome do solicitante | Conformidade | Vº Bº Autorización da axuda |
| Dirección IGAXES | Equipo Técnico do Menor | Xefatura de Servizo |

2. MODELO B: XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN DA AXUDA

## MODELO B: XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN DA AXUDA

TECNICO/A - [ ]

VIVENDA [ ]

XUSTIFICACION DA AXUDA CONCEDIDA

Nome a apelidos do/a Beneficiario/a:
DNI/NIE:
Data de Alta no Programa:
Descrición da axuda concedida:
Obxectivo da mesma:
Importe da axuda: [ €uros ]
Data de concesión:

☐ TIPO DE AXUDA

☐ Acceso a formación ☐ Acceso a vivenda ☐ Acceso ao emprego
Axudas extraordinarias

AUTORIZACION

En ________________________, ____ de ________ de 202_

COORDINACION ENTIDADE

Asdo:
Mozo/a

3. MODELO INFORME TÉCNICO

I

## INFORME TÉCNICO XUSTIFICATIVO

### DATOS PERSOANALES

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos: | |
| NIF: | |
| Data de nacemento: | |
| DATA de Alta no Programa: | |
| Centro Actual: | |
| Delegación / Equipo do que depende: | |
| Tipoloxía da Axuda: | |
| Subtipo da Axuda: | |
| Categoría da Axuda: | |
| Importe : | |

### INFORME XUSTIFICATIVO

| |
|---|
| *DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL DO MOZO/A QUE ACREDITA A NECESIDADE DA AXUDA* |
| |
| *XUSTIFICACIÓN SEGUNDO OS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN RECOLLIDOS NO PROTOCOLO DE APOIO Á EMANCIPACIÓN E Á VIDA INDEPENDENTE* |
| |

En _______________ a ___ de __________202..

Asdo: *( Técnica/o de inserción)*

## 4. MODELO SEGUIMENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DAS AXUDAS

**MODELO SEGUIMENTO, CONTROL E AVALIACIÓN DAS AXUDAS**

| APELIDOS E NOME | | | DATA SOLICITUDE | | DATA REVISION | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TIPOLOXIA DA AXUDA | | SUBTIPO | | CATEGORIA | | IMPORTE |

| Tipoloxía de axuda | Subtipo | Indicadores de seguimento | | | Valoración | Eficacia |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Acceso a Formación | FORMACION REGRADA / FORMACION OCUPACIONAL PRIVADA/ ELIMINACION DE BARREIRAS | Accedeu ao proceso formativo | Si | Non | | |
| | | Mantense no proceso formativo | Si | Non | | |
| | | Aprobou / Superou o proceso formativo | Si | Non | | 0 1 2 3 4 5 |
| | | % de asistencia (Nº de horas / Nº de horas asistidas) | | | | |
| | | Presentación de xustificación económica da axuda | Si | Non | | |
| | CONVENIOS FORMATIVOS | Accedeu a un emprego relacionado | Si | Non | | |
| | | Sinatura dun convenio en prácticas | Si | Non | | |
| | | Finalización do período de prácticas | Si | Non | | |
| | | Continuación dentro da empresa | Si | Non | | |
| Acceso a vivenda | ACCESO AOS RAIS/ ALUGUER | Acceso a vivenda/ aluguer | Si | Non | | |
| | | Consolidación da independencia | Si | Non | | 0 1 2 3 4 5 |
| | | Presentación da xustificación económica da axuda | Si | Non | | |
| | | Apoio da rede social/ nivel de integración | Si | Non | | |
| Acceso ao emprego | XESTION DOCUMENTAL | Acadase a documentación pertinente | Si | Non | | |
| | | Facilitou o acceso ao emprego | Si | Non | | |
| | ELIMINACION DE BARREIRAS DE ACCESO AO EMPREGO | Acadouse o equipamento necesario | Si | Non | | 0 1 2 3 4 5 |
| | | Facilitouse o acceso ao emprego | Si | Non | | |
| | | Mantemento do traballo | Si | Non | | |
| | | Presentación de xustificación económica da axuda | Si | Non | | |
| | ELIMINACION DE BARREIRAS AXUDA CARNE DE CONDUCIR | Asistencia a formación teórica | Si | Non | | |
| | | Obtención da parte teórica do Carné | Si | Non | | |
| | | Obtención da parte práctica do Carné | Si | Non | | |
| | | Facilitouse o acceso ao emprego | Si | Non | | |
| Axudas Extraordinarias | AXUDAS | Presentación da Xustificación económica | Si | Non | | |



| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DESINSTITUCIONALIZACION | Accedeu ao proceso formativo | Si | Non | | |
| | | Mantense no proceso formativo | Si | Non | | |
| | | Aprobou / Superou o proceso formativo | Si | Non | | |
| | | % de asistencia (Nº de horas / Nº de horas asistidas) | | | | 0 1 2 3 4 5 |
| | AXUDAS PARA GASTOS SANITARIOS | Realizase o tratamento | Si | Non | | |
| | | Valoración do profesional | + | - | | |
| | AXUDAS DE EMERXENCIA | Realización da axuda | Si | Non | | |
| | | Presentación da Xustificación económica | Si | Non | | |

Programa Mentor

igaxes